



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 -- 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418002 - Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es

EDICTO

O alcalde, con data de 20 de xullo de 2021, ditou a seguinte resolución:

1º. De conformidade co que establecen as bases para a selección e contratación de persoal para o servizo de “Brigadas de Prevención de Defensa Contra Incendios Forestais”, que aprobou esta Alcaldía con data 31 de maio, e que foron publicadas no taboleiro de edictos do Concello nesa mesma data, e tras a renuncia dun dos traballadores contratados na brigada como Xefe de Brigada, ampliárase o prazo de presentación de instancias para o posto de XEFE DE BRIGADA dous días dende a publicación deste edicto.

A comisión está facultada para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficacia.

O tribunal valorará a documentación presentada na fase de concurso de acordo co baremo de méritos que figuran nas bases.

Asinado o día 20 de xullo de 2021.

O alcalde

José Luis Suárez Martínez

***Asinado o marxe dixitalmente**

